

## BANDO

XOSE MANUEL RODRIGUEZ MENDEZ,  
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES

### FAI SABER:

Que os damnificados polos pasados temporais poden solicitar axudas económicas á administración central do estado ao abeiro do Real Decreto 307/2005, de 18 de marzo, que contempla, entre outras e sempre que se cumpra cos requisitos establecidos nos artigos 15 e 27 do mesmo, as seguintes axudas:

- A paliar danos materiais en vivendas enseres
- Axudas destinadas a establecementos industriais, mercantís e de servizos.

Os interesados presentarán solicitude ante a Subdelegación de Goberno de Pontevedra, nas súas dependencias ou a través dos rexistros recollidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á data de terminación dos feitos causantes do dano.

Estas axudas teñen carácter subsidiario respecto de calqueira outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, nacional ou internacional.

As Neves, 19 de febreiro de 2.016.

